EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
CONCELLARÍA DE CULTURA

Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo

Asociación Amadores da Música

a trompeta de sollo · a poesía 'arredor da medianoite' de hernán míster naval · as estrelas de rego e fuji · o deseño de chenchu




| | | | |
|---|---|---|---|
| CONCERTO LETRAS GALEGAS | BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE RIBADEO | AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBADEO | SÁBADO 21 ÁS 21:00 DA TARDE MAIO 2005 |

CONCERTO
LETRAS
GALEGAS

Como ven sendo costume, e co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, a Banda de Música Municipal de Ribadeo, quere estar presente nesta festa da nosa cultura. Neste día no que os galegos queremos homenaxear á lingoa e á literatura propia, non podía faltar a música, xa que, como linguaxe universal que é, forma parte da identidade propia do pobo galego, e a millor maneira de participar desta festa e ofrecendo este concerto.

En cada actuación da Banda nesta última etapa, caseque tóda-las obras son estrea, e hoxe non podía ser menos. Seguimos a presentar novos títulos, pero tamén escoitaremos obras xa interpretadas noutras ocasións pola Banda como Airiños Aires ou a Balada Galega, cas que realmente faremos homenaxe o día que celebramos, con algunha novidade, eso si. Por primeira vez soará a gaita ca Banda, unha nova experiencia que non tiñamos feito ata hoxe e de fixo, non haberá meior data ca esta para levála a cabo.

*Eramos tres irmáns, mariñeiros os tres, cada un do seu mar.*
*Tiñamos a mesma pel de pexegos novos,*
*cada un dos tres no seu albre lixeiro,*
*a navegar pol-as augas do tempo.*
*Mais fixemos un barco de carballo e piñeiro,*
*e cada un deixou a sua estrela nas gavias,*
*para non ter mas que un mar, un barco, un ceo....*

Así comeza un poema de XESUS LORENZO VARELA, a quen esta adicado este ano o "Día das Letras Galegas" e lembrámolo polo feito de que por primeira vez na nosa Vila, se poderá ver e escoitar representadas nun escenario tres formacións tradicionais en Ribadeo, (as voces da Coral, as Gaitas e a Banda) como si dunha sola formación se tratare e abrindo deste xeito un camiño que desexamos seguir percorrendo no futuro. Como dixera Carmen Rguez. Cancelo no anterior concerto, un continuo renacer á convivencia, a colaboración, a amizade, que máxicamente a música, fai posible.

DRS

# programa



**ROSS ROY** *Jacob de Haan*
**TROMBONE ON THE RUN** *James Ployhar*
**VIRGINIA** *Jacob de Haan*

**FESTA NO POBO** *Daniel Costa*
**AIRIÑOS AIRES** *Gustavo Freire*
**RUMBA PARA SUSI** *Ernesto Campos*
**BALADA GALEGA** *Xoan Montes*
**Himno Galego**
*Director*: **Lourenço Cruz**

***Gaitas***: Luis Rodil e Daniel González
***Voces***: Marta Castelao, Mª Carmen Mon, Gloria Rodríguez, Mariña García-Bouso, Aurita Martínez, Maricarmen Rodríguez, Fernando Fernández, Pedro Fernández, José Martínez, José Mª Rodríguez.